



CONCELLO DE RODEIRO*Anuncio de concurso.*

Obxecto: abastecemento de auga aos núcleos dos lugares de Paredes (Álceme), Arcas e Os Vilares (Guillar) e Saa (Santa Mariña de Pescoso).

Lugares de execución: Paredes (Álceme), Arcas e Os Vilares (Guillar).

Orzamento: 70.000 €.

Praza de execución: o indicado no prego de cláusulas económico-administrativas.

Forma de adjudicación: concurso con procedemento aberto en tramitación urxente.

Garantía provisoria: 2% do orzamento base.

Información: Secretaría do Concello.

Proposicións: data límite o décimo terceiro día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

Anuncio extenso: BOP de Pontevedra.

Rodeiro, 30 de agosto de 2004.

José Luis Fernández Fafian
Alcalde en funcións

Anuncio de concurso.

Obxecto: abastecemento de auga aos núcleos dos lugares de Saborín (Vilela), Río, A Vila (Rodeiro), Cabanas e Suíme (Santa María de Pescoso).

Lugares de execución: Saborín (Vilela), Río, A Vila (Rodeiro), Cabanas e Suíme (Santa Mariña de Pescoso).

Orzamento: 65.181,73 €.

Praza de execución: o indicado no prego de cláusulas económico-administrativas.

Forma de adjudicación: concurso con procedemento aberto en tramitación urxente.

Garantía provisoria: 2% do orzamento base.

Información: Secretaría do Concello.

Proposicións: data límite o décimo terceiro día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

Anuncio extenso: BOP de Pontevedra.

Rodeiro, 30 de agosto de 2004.

José Luis Fernández Fafian
Alcalde en funcións

CONCELLO DE TUI*Edicto de corrección de erros.*

Publicado edicto no DOG (nº 11.434, do 9 de agosto de 2004) e no BOP (nº 162, do 23 de agosto de 2004), para os efectos de contratación da obra

Adecuación do Centro Interfederado de Remo e Piragüismo, faise constar que existe un erro na clasificación do contratista. Así as clasificacións que hai que exixir para a obra son:

-Grupo G, subgrupo 6, categoría d.

-Grupo F, subgrupo 7, categoría c.

O prazo de presentación será de trece días naturais contado desde a publicación deste edicto no BOP e DOG.

Tui, 30 de agosto de 2004.

Antonio F. Fernández Rocha
Alcalde

CONCELLO DE VILA DE CRUCES*Edicto.*

A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 6 de agosto de 2004, prestou aprobación ao expediente que rexerá o concurso urxente por procedemento aberto da obra de rede de sumidoiro en San Pedro de Losón, de conformidade co proxecto redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas Alfredo Montero Vaz.

Para o efecto, aprobou inicialmente o correspondente proxecto técnico así como o prego de cláusulas administrativas particulares, que se expoñen xunto con este edicto polo prazo de oito días, respectivamente, para reclamacións, e ordenou anunciar o correspondente concurso público:

Entidade adjudicadora: Concello de Vila de Cruces, praza Juan Carlos I, s/n (36590) Vila de Cruces (Pontevedra). Teléfono: 986 58 20 17. Fax: 986 58 24 92.

Obxecto: obra: rede de sumidoiro en San Pedro de Losón.

Praza de execución: oito meses (8).

Modalidade de adjudicación: tramitación urxente, procedemento aberto e forma concurso.

Orzamento base de licitación: 85.223,07 euros.

Garantías: a provisional establécese no 2% do orzamento. A definitiva será igual ao 4% do importe da adjudicación.

Presentación de proposicións: presentaranse na Secretaría do Concello, de 9.00 a 13.00 horas, na forma establecida no prego de condicións e durante o prazo de trece (13) días naturais, contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Apertura de plicas: terá lugar ás nove horas do décimo día hábil seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de proposicións. Se este fose sábado, terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

Vila de Cruces, 6 de agosto de 2004.

Jesús Otero Varela
Alcalde presidente